TUCAN 6+

# O gorrión comellón

## XOÁN BABARRO

Ilustracións de Isabel Caruncho



rodeira

TUCÁN

# O gorrión comellón

XOÁN BABARRO

# O gorrión comellón

Ilustracións de Isabel Caruncho

rodeira

© Texto: Xoán Babarro, 2019
© Ilustracións: Isabel Caruncho, 2019

© Ed. Gal.: Rodeira, 2019
Rúa Rafael Alberti 11, baixo
15008 A Coruña
www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41
contacta@edebe.net

*Directora de Publicacións:* Reina Duarte
*Editora de Literatura Infantil:* Elena Valencia
*Deseño:* Book & Look

Primeira edición, setembro 2019

ISBN: 978-84-8349-578-0
Depósito Legal: B. 14097-2019
Impreso en España
Printed in Spain
EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada co a autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).



Este era un gorrión que se alimentaba dos anaquiños que caían das merendas, das faragullas que se lle perdían ao coche do pan e dos arroces trepados onda a Casa do Concello. E vaise e dixo un día…

*Xa estou farto de comida vexetariana!*
*Cambiarei de menú a próxima semana!*







E, aproveitando que ía inaugurar un novo niño, pensou que podería facelo cun enorme banquete.

E empezou a anuncialo…

*Suban ao meu niño! Suban ao meu niño!*
*Veredes que festa e que remuíño!*

E todos os veciños sentiron curiosidade ao escoitar a propaganda.





Pero, ao ver que niguén se decidía a visitarlle a nova casa, empezou a convidar a todo o que pasaba. E o primeiro foi o cabaliño do demo, que voaba...

*—Ai, cabaliño veloz,*
*escoita a miña voz...*
*Ti, que tan ben sabes voar en remuíño*
*coas túas ás de pergamiño,*
*ti, que tes unha avioneta a motor*
*cun ruído máis bonito ca o dun tractor,*
*ti, que sabes ir de leste a oeste*
*pola montaña agreste,*
*non pilotes con tanta présa*
*e sube a descubrir a miña sorpresa.*

